

# SOMOS ÚNICOS POR ALGO ÚNICO: ONOSO MONTE

Voz Natura  
XXII EDICIÓN - CURSO 18/19

22ª edición

Curso 2018/2019

## Bases

1 - Poden participar no programa os alumnos de educación infantil, primaria, secundaria, especial, bacharelato e formación profesional de calquera centro escolar de Galicia, escolas obradoiro e asociacións medioambientais.

2 - A participación será por equipos, baixo a dirección dun ou varios profesores ou educadores. Dadas as características do programa, considérase fundamental a colaboración de toda a comunidade escolar, mesmo cando a realización concreta do proxecto recaia sobre un equipo de profesores e se centre nun nivel determinado ou nun grupo de alumnos.

3 - A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, recoñecerá como actividade de innovación educativa —cunha equivalencia de quince horas de formación permanente do profesorado— a coordinación dos proxectos Voz Natura ao persoal docente de centros sostidos con fondos públicos dependentes da devandita Consellería. Así, ao final do curso, o/a coordinador/a de cada proxecto recibirá a súa correspondente certificación.

4 - Cada equipo participante implicarase no deseño, execución e seguimento dun proxecto medioambiental que deberá desenvolverse no centro educativo ou no municipio onde estea ubicado.

## Proxecto de actuación

5 - A solicitude de participación realizarase utilizando o formulario de inscripción. Nel facilitaranse os datos relativos ao centro, nome do director, responsable do proxecto e lista de colaboradores, plan detallado de acción, calendario de actividades, relación de necesidades materiais, orzamento de actuación e permisos correspondentes.

As solicitudes de inscripción deberán presentarse antes do 15 de marzo do 2018. A inscripción realizarase mediante o formulario aloxado na web do programa ([www.voznatura.es](http://www.voznatura.es)). Recoméndase encher o formulario na súa versión online e envialo directamente pero tamén é posible descargar a versión pdf, cubrila e enviala por correo postal ao enderezo de Voz Natura, Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, Avenida da Prensa, 84-85, Polígono Industrial de Sabón, 15143, Arteixo, A

# SOMOS ÚNICOS POR ALGO ÚNICO: O NOSO MONTE

Voz Natura  
XXII EDICIÓN - CURSO 18/19

Coruña. Así mesmo, estas serán as direccións de Voz Natura a efectos das comunicacóns que deban remitirse relacionadas co programa.

## Aprobación de proxectos

6 - Un Comité Científico —integrado por destacados persoeiros do mundo da ciencia, a educación e a comunicación— seleccionará os proxectos en función da orixinalidade dos mesmos, o seu interese, a participación da comunidade educativa e a viabilidade. Examinará cada un e poderá formular cantas observacións considere oportunas, que deberán ser incorporadas ao proxecto definitivo.

7 - O Comité Científico cualificará os proxectos de 0 a 10 puntos, de acordo co seu nivel técnico científico e a súa cuantificación económica. Por cada punto outorgado, a Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre financiará un 10% do traballo que se pretende realizar. Valoraranse especialmente aquelas propostas de acción directa sobre o medio, como recuperación de zonas degradadas, limpeza de ríos ou praias, plantación de árbores, agricultura ecolóxica, reciclaxe, protección da biodiversidade, desenvolvemento sostible, posta en valor e coidado do patrimonio etnográfico, etcétera.

8 - Nesta edición, Voz Natura dará especial protagonismo ás actividades relacionadas coa preservación e coidado dos montes. Proponse aos participantes que, xunto con outras accións directas no medio, como a protección dos espazos naturais, inclúan nos seus proxectos ambientais propostas orientadas a protexer, recuperar e poñer en valor a riqueza dos montes e bosques galegos, conservar a súa biodiversidade e sensibilizar á sociedade sobre a problemática dos incendios forestais.

9 - No mes de xuño do 2018, Voz Natura fará públicos no xornal La Voz de Galicia e na páxina web [www.voznatura.es](http://www.voznatura.es) os proxectos aprobados e porase en contacto cos equipos seleccionados para comunicarlles a avaliación do Comité Científico e o financiamento concedido pola Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, así como para solicitarlles a relación definitiva e completa do material necesario para a realización dos proxectos.

10 - Ningún centro escolar poderá comprometer gastos a cargo do financiamento da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre antes de remitir a Voz Natura a citada relación de material e ser autorizado expresamente por escrito para realizar contratacións por un importe determinado. Nesta autorización hase especificar o procedemento para a realización das compras dos materiais solicitados. En ningún caso a axuda concedida se fará en metálico.

11 - Co fin de garantir a realización dos proxectos, a dirección de cada centro asumirá a responsabi-

# SOMOS ÚNICOS POR ALGO ÚNICO: ONOSO MONTE

Voz Natura  
XXII EDICIÓN - CURSO 18/19

lidade, en última instancia, da súa total execución.

## Desenvolvemento de Actividades

12 - O desenvolvemento dos proxectos comezará co inicio do curso escolar 2018-2019. A efectos de valoración final do proxecto, os centros deberán remitir a Voz Natura a memoria do traballo realizado antes do 30 de abril do 2019. Os centros responsabilizaranxe da coordinación e da elaboración dos traballos e velarán porque o seu contido non sexa ilícito, ofensivo e/ou discriminatorio, nin lesione bens ou dereitos, incluídos dereitos de imaxe, de terceiros.

13 - O Comité Científico avaliará a actuación de cada equipo, o desenvolvemento dos traballos e os resultados obtidos. Estas avaliaciós hanse ter en conta á hora de proceder á valoración dos proxectos e distribución dos premios cos que está dotado o programa e dos que se informará oportunamente a través dos medios da Corporación Voz de Galicia.

14 - O proxecto aprobado de forma definitiva non poderá ser modificado parcial nin totalmente sen a correspondente autorización previa da dirección de Voz Natura.

15 - Sen prexuízo da certificación á que, no seu caso, poidan ter dereito os coordinadores dos proxectos Voz Natura de centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de conformidade coa cláusula 3 anterior, todos os equipos e centros representados no programa recibirán un diploma de participación emitido pola Fundación. Aqueles centros que, ao xuízo do Comité Científico, desenvolvan os proxectos de maior interese, recibirán uns premios que serán entregados nun acto público. Estes premios estarán suxeitos á lexislación vixente e, en particular, á normativa vixente en materia de retencións e pagos a conta.

16 - O feito de participar no programa implica a cesión en exclusiva polos autores á Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre dos dereitos de explotación sobre os traballos, incluíndo os dereitos de reproducción, recompilación en libro, transformación, distribución e comunicación pública, para todo o mundo, polo máxmo prazo de tempo que recoñece a lei aos titulares dos dereitos e por calquera medio ou soporte, incluída Internet.

## Disposición final

17 - Os participantes no programa Voz Natura, polo feito de participar, aceptan as presentes bases,

# SOMOS ÚNICOS POR ALGO ÚNICO: O NOSO MONTE

Voz Natura  
XXII EDICIÓN - CURSO 18/19

así como as decisións que puidese adoptar a dirección de Voz Natura a efectos da interpretación ou resolución de cuestións non recollidas nas mesmas. As decisións do Comité Científico e o ditame do xurado calificador dos traballos son inapelables.

## Protección de datos

18 - Os datos persoais dos profesores participantes no programa serán incluídos nos ficheiros que a Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre ten debidamente inscritos na Axencia de Protección de Datos e que cumplen todos os requisitos da Lei Orgánica 15/1999 e do Real Decreto 1720/2007 que a desenvolve.

Todos os datos solicitados aos profesores participantes son necesarios para a súa inclusión no programa e serán destinados á xestión e organización do mesmo. Nese mesmo sentido, os profesores declaran que teñen o consentimento dos pais ou titores legais para que a Fundación poida tratar os datos e imaxe dos menores aos que poidan dar acceso ou que poidan facer chegar á Fundación para a realización, xestión ou divulgación do programa Voz Natura.

O nome e a imaxe dos participantes, así como o nome dos centros aos que pertencen, poderán ser obxecto de comunicación pública nas actuacións presentes ou futuras que poida desenvolver a Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, sempre que esta comunicación pública estea relacionada coa súa participación no programa. Quedan recoñecidos, no entanto, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, que poderán ser exercidos, previa acreditación da personalidade ou da representación, a través do correo electrónico lopd.fundacion@lavoz.es, ou ben na seguinte dirección da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre: Avenida da Prensa 84-85, Polígono Industrial de Sabón, 15143 de Arteixo (A Coruña).

Con idénticas finalidades, os interesados consenten expresamente a cesión dos datos contidos no ficheiro ás empresas do grupo ao que pertence a Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre que pode atopar referenciadas na páxina web [www.lavozdegalicia.es](http://www.lavozdegalicia.es)



FUNDACIÓN  
Santiago Rey Fernández-Latorre



XUNTA  
DE GALICIA



Deputación  
DA CORUÑA



ALCOA  
FUNDACIÓN



FUNDACIÓN  
RAMÓN ARECES